



Confederación Hidrográfica del Miño-Sil Comisaría de Aguas Ourense

Anuncio

Expediente: A/32/05066

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (BOE del día 30), se publica, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 17 de abril de 2017, y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Comunidad de Usuarios del Agua del Monte, la oportuna novación y modificación de características de la concesión para aprovechamiento de 0,033 l/s de agua procedente de un manantial denominado "A Porreteira" situado en el lugar de A Veiga, parroquia de Penosíños (San Salvador), término municipal de Ramirás (Ourense), con destino a usos domésticos.

El jefe del servicio. Fdo.: José Alonso Seijas.

R. 1.208

IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Carballada de Valdeorras

Anuncio

Aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2017 as bases que rexerán a contratación, como persoal laboral temporal, dun/a auxiliar administrativo ao abeiro da subvención concedida para tal finalidade pola Deputación Provincial de Ourense a este concello con cargo ao Programa de cooperación cos Concellos en materia de empregabilidade para o exercicio de 2017, dun/a auxiliar administrativo e dun/a fisioterapeuta, publícase a convocatoria para o posto de traballo dun/a auxiliar administrativo, sendo o contido das bases que regularán a selección do/a traballador/a para contratar, as seguintes:

1ª. As presentes bases teñen por obxecto regular a contratación temporal dun/a auxiliar administrativo a xornada completa, cunha duración estimada de 6 meses, de conformidade coa subvención concedida para tal fin pola Deputación Provincial de Ourense a este Concello con cargo ao Programa de Cooperación cos Concellos en materia de empregabilidade para o exercicio de 2017.

2ª. Requisitos xerais e sistema de selección:

2ª.1- Requisitos xerais:

Para participar no proceso de selección, os/as aspirantes han de reunir os requisitos previstos no artigo 56 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

2ª.2- Sistema de selección:

A selección realizarase mediante a valoración dos méritos de conformidade coas puntuacións que se indican nas presentes bases.

3ª. Obxecto do contrato, retribución e duración; requisitos específicos que han de cumprir os/as solicitantes, e valoración de méritos para a contratación temporal dun/a auxiliar administrativo, obxecto das presentes bases:

3ª.1- Obxecto do contrato, retribución establecida e duración:

Contrato a xornada completa para prestación do servizo de auxiliar administrativo para o desempeño de tarefas propias do posto de auxiliar administrativo, en xeral realización de traba-

llos ofimáticos con emprego de aplicacións propias de Microsoft Office, en especial Word e Excel. As retribucións mensuais establecidas serán de 1.108,33 €/mes brutos, incluída a parte proporcional da paga extra, cunha duración estimada do contrato de 6 meses.

3ª.2- Requisitos específicos dos/as solicitantes:

3ª.2-a) Estar en posesión da titulación de técnico medio en xestión administrativa, bacharelato, titulación equivalente ou superior.

3ª.2-b) Acreditación de dispoñer do nivel Celga 4 no coñecemento da lingua galega.

3ª.3- Valoración de méritos:

. 1 punto por estar en situación de paro, inscrito no servizo público de emprego de Galicia como demandante de emprego no posto de traballo de auxiliar administrativo.

. 1 punto por estar actualmente empadroad/a neste municipio e cunha antigüidade ininterrompida superior a un ano.

. 1 punto por cada mes completo de prestación de servizos como auxiliar - administrativo contratado por este Concello.

En caso de empate resolverase a favor do candidato/a que acredite unha maior prestación de servizos como auxiliar administrativo neste Concello.

4ª. Forma e prazo de presentación de instancias ou solicitudes:

As instancias ou solicitudes asinadas polo/a solicitante para participar no proceso de selección, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e dos méritos para valorar presentaranse no Rexistro do Concello dentro do prazo de tres días hábiles a partir da publicación no BOP do presente anuncio. A presentación de instancias ou solicitudes por calquera outro medio dos previstos na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, comunicáraselle a este Concello dentro do prazo de presentación de solicitudes mediante correo electrónico á dirección administracion@concellocarballadavaldeorras.com, achegando copia da instancia e documentación presentada.

Os aspirantes farán constar na súa instancia que reúnen os requisitos previstos no artigo 56 da Lei 7/2007, do 12 de abril, e no apartado 2.1 das presentes bases.

Xunto coa instancia achegarase copia do DNI ou documento acreditativo da personalidade no caso de ser estranxeiro, teléfono e dirección de correo electrónico para efectuar as comunicacións e notificacións que procedan.

5ª. As listas de admitidos e excluídos ao posto de traballo obxecto da convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello ao día seguinte ao de finalización de presentación de instancias.

6ª. O tribunal ou órgano encargado da cualificación, de conformidade coas presentes bases, para a valoración dos méritos achegados por cada un dos solicitantes será designado por Resolución da Presidencia.

7ª. O/a aspirante seleccionado/a, se non presentase xunto coa instancia a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 56 da Lei 7/2007 de 12 de abril do estatuto básico do empregado público, presentaraa no día seguinte hábil ao de publicación no taboleiro de anuncios do Concello das listas coa puntuación outorgada a cada aspirante e coa proposta do aspirante seleccionado/a.

8ª. O contrato que se realice á persoa seleccionada será por obra ou servizo determinado, con duración determinada.

Sobradoelo - Carballada de Valdeorras, 12 de maio de 2017. A alcaldesa.

Asdo.: Mª. Carmen González Quintela.